



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Modificación das bases de execución do Orzamento xeral do concello para 2025, base 21ª réxime de subvencións, no apartado modalidades de subvencións, para incluír un novo beneficiario

ANUNCIO

Aprobación inicial da “Modificación das bases de execución do Orzamento Xeral do Concello para 2025, Base 21ª Réxime de subvencións, no apartado Modalidades de subvencións, para incluír un novo beneficiario”

O Pleno do Concello da Laracha, en sesión extraordinaria celebrada o día 10 de setembro de 2025, aprobou inicialmente a: “Modificación das bases de execución do Orzamento Xeral do Concello para 2025, Base 21ª Réxime de subvencións, no apartado Modalidades de subvencións, para incluír un novo beneficiario”

A tenor do disposto no artigo 177, en relación co artigo 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de 15 días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios e na sede electrónica deste Concello.

No suposto de que non se tiveran presentado reclamacións durante o trámite de información pública, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, conforme o establecido na citada lexislación.

A Laracha, 12 de setembro de 2025.

O Alcalde,

José Manuel López Varela

2025/5969